



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 442/2026

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028

Categoría profesional: Auxiliar de axuda no fogar (V)

Sistema de selección: Concurso – Oposición

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE REALIZACIÓN E VALORACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN: 2º EXERCICIO (EXAME PRÁCTICO)

Nas instalacións do Salón de Plenos da Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, Praza do Concello nº1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), sendo as 12:10 horas do día **22 de maio de 2026**, constitúese o Tribunal cualificador que xulgará os exercicios das probas selectivas para o proceso selectivo de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de **Auxiliar de axuda no fogar (V)**, estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

| Membros | Identidade |
|--------------|------------------------------|
| Presidente/a | Alejandro Martínez Sánchez |
| Secretario/a | Sara González Prieto |
| Vogal | Ana Isabel Labrador Belmonte |
| Vogal | María Sol Gómez Pérez |
| Vogal | Ana María Gómez Pérez |

Primeiro.- Proceder segundo o disposto na Acta deste Tribunal de data 18.05.2026, publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello <http://concellopereiro.sedelectronica.gal> con data 19.05.2026, pola que se acorda "Fixar unha nova data para a realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de "Auxiliar de axuda no fogar (V)" á persoa aspirante Carmen Vázquez García (4**55*1*G).

Segundo.- O día 22 de maio de 2026, ás 12:15 h, procedeuse á realización do 2º exercicio da fase de oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistiu en:

- Realizar un suposto práctico sobre as funcións propias do posto de traballo relacionadas co contido do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio establécese en 45 minutos.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 6 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos para aprobar.

O 2º exercicio da fase de oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio consta dos seguintes documentos:

1. Unha (1) folla identificativa na que se recollen os datos de identificación persoal das persoas aspirantes e da convocatoria
2. Tres (3) follas de exame a dobre cara

A folla identificativa e as follas do exame dispoñen dun sistema de codificación para garantir o



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

anonimato das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes non poden escribir o seu nome, nin realizar marcas, nin sinais de ningún tipo nas follas do exame práctico; en caso contrario, o exame quedará anulado. Non poden dobrar nin engurrar as follas dos exames.

Compareceron as seguintes persoas aspirantes:

| Apelidos e nome | DNI aleatorio | Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega |
|------------------------|---------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Vázquez García, Carmen | 4**55*1*G | Si |

Terceiro.- O 2º exercicio da fase de oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio finalizou ás 12:35 horas.

Terceiro.- No día da data, o Tribunal procede a establecer a puntuación das cualificacións do 2º exercicio da fase de oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio, segundo o detalle seguinte:

| Apelidos e nome | DNI aleatorio | Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega | FASE OPOSICIÓN |
|------------------------|---------------|-----------------------------------------------------------------------|-----------------------------|
| | | | 2º exercicio (máx. 6 ptos.) |
| Vázquez García, Carmen | 4**55*1*G | Si | 3,92 |

A partir do día seguinte á publicación da presenta Acta na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para alegar contra a baremación do 2º exercicio da fase de oposición, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 12:40 horas do día 22 de maio de 2026.

O presidente

A secretaria

Os vogais